



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-21

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

30 de Outubro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

08:32

Hora de Finalización

08:41

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 24.10.2024 (ACTA 2024/20)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. DOCUMENTO DA AUDITORIA DA REDE DE SANEAMENTO DE CASTRELO DO VAL, ACTUACION SUBVENCIONADA POR AUGAS DE GALICIA, AO ABEIRO DA RESOLUCION DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 (AU301D) ACORDO QUE PROCEDA.

O Sr. Alcalde lembra aos presentes a **Resolución de Augas de Galicia do 26 de decembro de 2023** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de **auditorías municipais das redes de saneamento** para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2023 (**AU310D**)

Seguidamente, dáse conta do documento de "**Auditoría da rede de saneamento do núcleo de Castrelo do Val**" subscrita polo persoal técnico de AQUA OURENSE, Sociedade Provincial de Augas, que recolle en extensión e detalle o traballo que se lle encomendou e para o que asinou o oportuno contrato menor de servizo

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a "**Auditoría municipal da rede de saneamento do núcleo de**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Castrelo do Val", elaborada por **Aquaourense**, nos termos nos que se atopa redactada e que constan no expediente.

SEGUNDO. Remitir certificación deste acordo á **Augas de Galicia**, para constancia nese organismo; e aos efectos de cobramento da axuda que se concedeu.

3º. APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "AUDITORIA MUNICIPAL DA REDE DE SANEAMENTO DE CASTRELO DO VAL" ACTUACION SUBVENCIONADA POR AUGAS DE GALICIA, AO ABEIRO DA RESOLUCION DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 (AU301D)

O Sr. Alcalde, novamente, lembra aos presentes a **Resolución de Augas de Galicia do 26 de decembro de 2023** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de **auditorías municipais das redes de saneamento** para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2023 (**AU310D**)

Seguidamente, dáse conta da **Certificación núm. 1, liquidación**, correspondente ao traballo de "**Servizo de auditoría da rede de saneamento do núcleo de Castrelo do Val**" de data 29.10.2024 por importe de **18.056,83 euros**, que suscribe o director dos traballos, Juan Manuel Mera Díaz, auditoría que realizou **Aquaourense**, cofinanciada pola subvención concedida ao abeiro da norma anteriormente citada.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a referida **Certificación núm. 1, liquidación**, correspondente ao traballo de "**Servizo de auditoría da rede de saneamento do núcleo de Castrelo do Val**" de data 29.10.2024 por importe de **18.056,83 euros**, que suscribe o director dos traballos, Juan Manuel Mera Díaz, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario do servizo; consecuentemente, **aprobar a factura núm. 2418300300 de Aquaourense de data 28.10.2024** correspondente a certificación núm 1, liquidación do traballo "**Realización de auditoría municipal da rede de saneamento do Concello de Castrelo do Val**", por importe de **18.056,83 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facér constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación do traballo; que o **importe certificado acada o 100,00% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** dos traballos **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público, en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización e **.que o Concello non conta con ningunha outra subvención** concedida de calquera orixe e natureza para a mesma finalidade, agás a que se está a xustificar neste expediente

QUINTO. Consecuentemente, aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA da actuación, nos termos recollidos nos apartados anteriores deste acordo.

SEXTO. Remitir certificación deste acordo á **Augas de Galicia**, para constancia nese organismo; e aos efectos de cobramento da axuda que se concedeu.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

